



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O día 18 de maio de 1999 produciuse a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Negreira, adaptado á Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. Esta lei foi derogada pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Posteriormente aprobouse a Lei 1/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que procedeu á derogación da dita Lei 9/2002. A nova lei, na súa Disposición transitoria primeira, apartado 2 dispón establece un réxime transitorio:

O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.





Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A aplicación desta disposición supón unha serie de problemas como é a necesaria análise de que solo é urbano consolidado ou non consolidado, a ordenación do solo urbanizable, a delimitación dos núcleos rurais e a adaptación do solo rústico, así como a catalogación da riqueza patrimonial do concello que debe ser obxecto de especial protección.

Por este motivo, o novo instrumento de planeamento deberá adaptarse ao disposto na actual Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 1/2019, do 21 de abril, de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Negreira o instrumento convencional arriba referido por





un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Negreira, para a redacción do plan xeral de ordenación municipal cun orzamento de cento corenta mil cincocentos oitenta euros (140.580,00 €), dos que a Xunta financiará, como máximo, de cento vinte e seis mil cincocentos vinte e dous euros (126.522,00 €) equivalente ao 90% do custo de redacción do PXOM. Para elo, na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do plan xeral de ordenación municipal co obxecto de que o municipio de Negreira dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

